

# XIX ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

## Dereitos lingüísticos, unha garantía pendente?

Consello da Cultura Galega  
Santiago de Compostela  
20 e 21 de abril de 2017



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA



Os cambios producidos no marco legal nas últimas décadas do século sentaron as bases do recoñecemento expreso e activo dos dereitos lingüísticos dos galegofalantes e dos dereitos da lingua galega en si mesma. Por volta dos anos 80 contábase, por fin, cun marco legal que xa non era abertamente desfavorable a un recoñecemento reclamado desde longa data polos círculos e asociacións que, sen matizacións internas, podemos chamar "galeguistas". Nun contexto máis alargado, este dereito fora incluído xa na Declaración Universal de Dereitos Humanos (1948), que no seu artigo segundo establece que "todo o mundo ten todos os dereitos e todas as liberdades" sen distinción de "raza, cor, sexo, lingua, relixión, opinión política ou outra, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición".

Por que volvermos, logo, sobre os dereitos lingüísticos en 2017? Porque, sen negar os evidentes avances, o proceso non chegou ao seu fin. Porque nos preocupa que nalgúns sectores da sociedade non se estea tendo o necesario respecto a eses dereitos e noutros mesmo se estea provocando repregamento. Porque unha gran parte da cidadanía non é consciente de telos e sofre inerte os efectos negativos da súa conculcación. Porque toda a sociedade, sexa cal sexa a lingua que fala cada un, debe saber e asumir que os dereitos lingüísticos son dereitos fundamentais sen os cales non se pode construír unha sociedade verdadeiramente democrática.

A preocupación polos dereitos lingüísticos transcende o ámbito de Galicia. En 2016 cumpríronse 20 anos da *Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos* (Barcelona 1996). O pasado ano presentouse o *Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos* (Donostia 2016). No ano en que andamos cúmprense os 25 anos da *Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias* (Estrasburgo 1992). A XIX edición dos Encontros para a Normalización Lingüística quere animar á reflexión e á acción na mesma liña e, ao tempo, contribuír á celebración destas efemérides.

Continuando liñas xa ensaiadas con bos resultados, os XIX Encontros destinan un espazo propio á presentación e difusión de iniciativas e experiencias normalizadoras, tanto no programa presencial (*Crear contextos*) coma na *Artesa 2017*, a nosa mostra de recursos. Tamén abrimos un grupo de Facebook, que servirá de punto de reunión previo a vérmonos.

Agardamos que os XIX Encontros merezan o voso interese e a vosa participación, cando menos tanto coma en anos anteriores. Gústanos lembrar, con todo, que un dos grandes valores desta cita anual é a xuntanza das persoas que se achegan cada ano a Santiago de Compostela para reflexionar, repensar, compartir e tomar azos para a seguinte xeira.



## PROGRAMA

### XOVES, 20 DE ABRIL

#### Sesión da tarde

16:00 horas

*Inauguración*

16:15 horas

#### **DEREITOS LINGÜÍSTICOS**

Presenta: Gregorio Ferreiro

*O Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos. Exemplo de empoderamento da sociedade civil*

**Paul Bilbao.** Kontseilua

*A liña do galego: presentación do informe 2017*

**Marcos Maceira.** A Mesa pola Normalización Lingüística

#### Coloquio

17:45 horas

Pausa – Presentación de Artesa 2017: *LexGal*

18:15 horas

#### **ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN**

Presenta: Anxos Sobriño

*A normalización lingüística como competencia municipal*

**Xesús Costas Abreu.** Concello de Vigo

#### Coloquio

19:00 horas

#### **Recentralización de servizos á cidadanía e lingua**

Presenta: Concepción Cochón

**Alicia Paula Otero González.**

Concello de Pontevedra

**Margarita Parajó Calvo e María del**

**Carmen Pazos Area.** Concello de Vigo

#### Coloquio

20:00 horas

*Peche da sesión*

### VENRES, 21 DE ABRIL

#### Sesión da mañá

10:00 horas

#### **ÁMBITO DO ENSINO**

Presenta: **Valentina Formoso**

*Os dereitos lingüísticos como principio de atención á diversidade*

**M<sup>a</sup> Montserrat Castro Rodríguez.**

Facultade de Ciencias da Educación da UDC

#### Coloquio

11:00 horas

#### **Coloquio sobre formación profesional: experiencias educativas e mercado laboral**

Presenta: Valentina Formoso

**María Carmen Teijido López.**

Ámbito socio-sanitario

**Carlos Blanco Arca.** Ámbito da electricidade e a electrónica

**Manel Oliveira Ozores.** Ámbito da hostalaría e turismo

**Marina Quelle Cuadrado.** Formación e orientación laboral

12:15 horas

Pausa

12:45 horas

#### **CREAR CONTEXTOS**

*O potencial da expresión dramática na normalización lingüística*

Presenta: **Manuel Bermúdez**

**Rosalía Fernández Rial.** Doutora en didáctica das linguas

#### Coloquio

13:45 horas

*Peche da sesión da mañá*

## Sesión da tarde

16:00 horas

### **CON-TEXTOS. Obradoiros simultáneos**

Biblioteca

*Versos que desatan a lingua. Obradoiro de intervención poética*

**Carlos Negro**

Salón de actos

*Aulas sen paredes*

**Rosalía Fernández Rial**

17:15 horas

Pausa – Presentación de Artesa

2017: *Proxector*

17:45 horas

### **ÁMBITO DA SANIDADE**

Presenta: **Marta Souto**

*Da saúde da lingua á lingua na sanidade*

**Marta Mariño Martínez.** Hospital

Álvaro Cunqueiro

**Álvaro Lamas Baños.** Centro de

Saúde de Matamá

Coloquio

18:45 horas

**CON-TEXTOS: Música de trasfondo**, con  
**Xurxo Fernandes e Pedro Lamas**

19:30 horas

*Conclusións e clausura*



## **ORGANIZA**

Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CCG)

## **COLABORA**

Secretaría Xeral de Política Lingüística

## **COORDINA**

Rosario Álvarez Blanco

Manuel Bermúdez

Concepción Cochón

Xosé Gregorio Ferreiro Fente

Valentina Formoso

Susana Mayo

Henrique Monteagudo

Anxos Sobriño

Marta Souto

## **LUGAR**

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705. Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## **INSCRICIÓN**

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia aos Encontros.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

## **MÁIS INFORMACIÓN**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



**CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA**



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA